

Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2009

DENDE A
BIBLIOTECA



PENSANDO
“**NESA**”
CARTA ...

...que tod@s
pensades escribir ...



... a Reis de Oriente, Santas do Norte, Papanoes, Apalpadores e demais xentes xenerosas, porque non hai crise no mundo que volo poda impedir. E como, outro ano máis, vimos que neses catálogos cheos de páxinas a toda cor que vos veñen repartir á saída do cole non hai UN SÓ libro, non quixemos ser menos e acolá vai o noso "catálogo" de suxerencias para pedichonear:

3º CICLO PRIMARIA :

- **Máis respostas ás preguntas que nunca te fixeches-** P.Nessmann-Factoría K : Hai algún fósil vivinte? @s cromañóns tiñan habilidades lingüísticas? Canto pesa un furado negro? Sabes as respostas? A que agardas?



- **O monstro das palabras-**


Mª Reimóndez- Xerais : Ao chegaren Alba e Lela á escola, atopan ás/aos compañeir@s un pouco "raros", case non saben falar. A mestra descúbrelles entón o seu segredo.



- **Anda con ojo-** P.Moreno-Factoría K: E fíxate ben, vives rodead@ de matemáticas e case nin caes na "conta". Olla estas fotos. Son de verdade!!!



- **Leonardo da Vinci-** S.Augarde- Baía: A través do diario de Pablo, aprendiz de Leonardo, chegaraste ao pensamento deste grande xenio.



MAMASES,PAPASES,PROF@S e demais adult@s:




- **Sete palabras-** S.de Toro- Xerais: Viaxe do protagonista, á orixe da propia identidade; entre a reflexión e a terneza, a cultura occidental agroma dos xeitos de vida máis humildes.

- **Dime algo sucio-** D. Ameixeiras- Xerais: A vida de distintas personaxes enléase nesta novela de intriga, onde conviven taxistas, grafiteiros, policía, vendedores de top manta...



- **Areaquen-te-** An Alfada-Sotelo Blanco: Cristovo, fotógrafo que busca as fotos con arume, fuxe do desamor en Areaquente, cando a súa muller o abandona por outra.



- **El fin del mundo y un despiadado país de las maravillas-** H. Murakami- Tus-

quets: No fin do mundo, un home queda sen sombra nin lembranzas entre unicornios de dourado pelaxe invernal. Paralelamente, un refinado informático nun Tokio do futuro, é requerido por un científico manipulador.

